

senta ben

*papel dobrado calzando unha pata
dunha mesa lisa que coxea bailando*

*a batalla líbrase chantando cóbados nun pupitre
silla estándar, cabalgadura para galopar revelándose*

*asepsia de cor verde farmacia que oculta a madeira viva
desprendemento das raíces a terra do comezo dos tempos*

*amuras redondeadas a espera dun salseiro
tripulación navegando sen soltar amarras*

*o normal, boli bic cristal escribe todas as preguntas
sen creerse que algún día poida ter tantas respostas*

*segundo ánimos a tinta azul sen querer fai borranchos
pintando corazóns palpitantes atravesados por frechas*

*canoto reconvertido en arma, capuchón moldeable en boca
artesanía fina de apuntamentos invisibles para exames*

*típex, rotus fosforescentes, ter ou non ter a regra, libros, libretas, portátil
estar na nube, lapis, goma de mascar inseguridades , axenda para non perderse*

*follas de cadradiños, de liñas paralelas, ou de quedar en branco
onde se confrontan, multiplican ou dividen sentimentos e voan avións*

*ciencias e novas tecnoloxías, humanidades, plástica, idiomas, ética
música e amor as artes vivas dos corpos pensantes en movemento*

*acumular coñecementos cada quen no seu sitio
regrados en compartimentos, a vida estudantil dura*

*ata que brúa a buguina anunciando verán, acumulación de recreos
a mar na chea convidando a nosa riqueza: sal, sol, peixe*

*aulas baleiras de algarada ata reencontros de setembro
Orzán en baixa ávida de táboas, poder e gloria*

*a ver con quen me toca sentarme o ano que vén
oxalá a miña mesa estea cerca da fiestra*

*nocións na formación das ondas, a nosa nación
amor a vida! sentirse ben en Zalaeta!*